



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente nº 236/2019, tramitado para a contratación do subministro de:

Tipo de contrato: SUBMINISTRO			
Obxecto do contrato: MOBILIARIO URBANO, VALLA COLEXIO SANTO TOMÉ E ROTEIRO CABANILLAS			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado sumario con división en lotes			
Tramitación: ordinaria			
Código CPV: 34928400-2 Mobiliario urbano. 34928470-3 Sinalización. 34928200-0 Vallas			
Prezo estimado: 33.057,85 €		IVE: 6.942,15 €	
Orzamento base de licitación: 40.000,00 €			
Duración: 3 MESES			
Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTE
LOTE 1. MOBILIARIO URBANO	15.763,00	3.310,23	19.073,23
LOTE 2. VALLA CEIP SANTO TOMÉ	3.750,15	787,53	4.537,68
LOTE 3. ROTEIRO CABANILLAS	13.544,70	2.844,39	16.389,09
<i>Investimento total proxecto.</i>	33057,85	6.942,15	40.000,00

Vista a **DILIXENCIA Nº 3**, estendida en data 26/08/2019, polo Secretario da Unidade Técnica na que se deu conta do informe do Técnico Municipal á reclamación formulada, pola empresa “*Globalia Urbanismo Integral, S.L.*”, á proposta de adxudicación do LOTE Nº 1.- MOBILIARIO URBANO, contida na DILIXENCIA Nº 2 e, proposta de adxudicación do referido Lote, se procede.

A **DILIXENCIA Nº 3** é do tenor literal seguinte:

“... Reunidos na Oficina do Servizo de Contratación deste Ilmo. Concello de Cambados, o día **26 de agosto de 2019, as doce horas e corenta minutos**, o Concelleiro Delegado de Obras e Servizos, D. Samuel Lago Ozón, a Secretaria accidental, D. Mar Mondragón Treviño, a Interventora, Dª Paula Cacabelos Otero e o funcionario Encargado do Servizo de Vías e Obras D. Manuel Sineiro Galiñanes, constituídos en Unidade Técnica, co obxecto de proceder a dar conta do informe do Arquitecto Técnico, emitido en data 22/08/2019, á reclamación presentada pola empresa “*GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.*”, contra a proposta de adxudicación do Lote 1.- Mobiliario Urbano, que se recollía na Dilixencia nº 2; e, formular proposta de adxudicación do referido Lote 1.- Mobiliario Urbano ao órgano de contratación, se procede.

Pola Presidencia infórmase do seguinte:

PRIMEIRO.- Con data 14/08/2019, por Sede electrónica deuse traslado a tódalas empresas licitadoras da “*Dilixencia nº 2 dando conta do informe-proposta do Técnico Municipal e da formulación de proposta de adxudicación ao órgano de contratación, se procede, en relación co contrato de subministro de “Mobiliario urbano, valla Colexio Santo Tomé e Roteiro Cabanillas”*”, aos efectos do seu coñecemento.

SEGUNDO.- Con data 16/08/2019, Rexistro electrónico nº 2019-E-RE-807, tivo entrada un escrito presentado pola empresa “**GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.**”, na que se solicita a revisión da valoración dos prazos que figuran na Dilixencia nº 2, en relación co LOTE 1.- MOBILIARIO URBANO, transcribíndose seguidamente o mencionado escrito:
“... **SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO, VALLA CEIP SANTO TOME E PANEIS INFORMATIVOS ROTEIRO. CABANILLAS SOLICITUD REVISION DE PUNTUACION DE PLAZO DE SUMINISTRO EN RELACION A LA PUNTUACION OBETENIDA EN EL APARTADO DE PLAZO (1 PUNTO).**

-GLOBALIA OFERTA 2 DIAS DE EJECUCION CON LA OBTENCIÓN DE UN PUNTO

-ZONA OBRA ROSAL OFERTA 45 DIAS, ES DECIR UN PLAZO DE 22,5 VECES EL PLAZO DE GLOBALIA- SI





SUBMINISTRO LOTE 1.- MOBILIARIO URBANO



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

Expte. Deputación Provincial: 2017047970
Expte. Concello: 236/2019

APLICAMOS LAS MATEMATICAS ES DECIR QUE ELLOS TENDRIAN UNA PUNTUACION DE 0,04 PUNTOS QUE SALE DE DIVIDIR 1 PUNTO ENTRE 22,5 NO PUEDED TENER UN PUNTUACIÓN DE 0,51 PUNTOS TRADANDO 22,5 PERIODOS DE TIEMPO MÁS EN EL SUMINISTRO.
POR LO TANTO SOLICITAMOS SE RECALCULE LA PUNTUACIÓN Y SE ADJUDIQUE A NUESTRO FAVOR EL LOTE 1 DEL CONTRATO DE REFERENCIA...”

TERCEIRO.- O Arquitecto Técnico Municipal, en data 22/08/2019, emitiu informe, en relación co escrito presentado pola empresa “Globalia Urbanismo Integral, S.L.”, que é do tenor literal seguinte:

“... Á vista da alegación presentada pola empresa “GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.” á proposta técnica de adjudicación relativa á contabilización do prazo de subministro e execución do LOTE 1, aclara que se realizou mediante unha regra de tres directa, en función da menor oferta de prazo, que é a de “GLOBALIA”, motivo polo que a esa oferta se lle dá a puntuación máxima de 1,00 puntos, ao supoñer o maior aforro de tempo (88 días, sobre 90 días de prazo máximo).

Polo tanto ao seguinte prazo que sería o de 30 días, onde se aforrarían 60 días, a puntuación que lle correspondería, sería de: $60 \text{ días de aforro} \times 1,00 \text{ puntos} / 88 \text{ días de aforro máximo} = 0,68$.

Polo tanto ao seguinte prazo que sería de 45 días, onde se aforrarían 45 días, a puntuación que lle correspondería sería de: $45 \text{ días de aforro} \times 1,00 \text{ puntos} / 88 \text{ días de aforro máximo} = 0,51$.

LOTE 1	Empresa	Oferta	Baixa	Puntos	Execución	Puntos	Total
	Licitación	19.073,23					
1	Globalia	17.003,65	2.069,58	9,04	2,00	1,00	10,04
2	Servicio de automatismo	18.388,37	684,86	2,99	30,00	0,68	3,67
3	Zona de Obra O Rosal	16.784,44	2.288,79	10,00	45,00	0,51	10,51
	Media	17.392,15	1.739,22	15.652,94			
		17.392,15	1.739,22	19.131,37			

De conformidade co exposto séguese propoñendo a adjudicación deste LOTE Nº 1.- MOBILIARIO URBANO, á empresa “ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.”, por entender, que sigue a ser a máis vantaxosa para este Concello...”

A Unidade Técnica, por unanimidade, e á vista do informe emitido polo Técnico Municipal, acorda formular á Alcaldía as propostas seguintes:

1º.- Rexeitar a reclamación formulada pola empresa “GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.”.

2º.- Propoñer a adjudicación do contrato á empresa, polo prezo e prazo que se reflicte no cadro seguinte:

LOTE	Empresa	Prezo s/IVE	IVE	TOTAL	Baixa	Prazo execución
1	Zona de Obra O Rosal, S.L.	13.871,44	2.913,00	16.784,44	2.288,79	45

Visto o informe de fiscalización de conformidade, emitido pola Intervención Municipal, en data 04/09/2019.


Visto o Decreto da Alcaldía nº 2019-1030, de data 05/09/2019, no que se desestima o recurso de alzada, interposto pola empresa Globalia Urbanismo Integral, S.L.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adjudicar o subministro do “**LOTE 1.- MOBILIARIO URBANO**”, á empresa, polo prezo e prazo que se indica seguidamente:

LOTE 1. MOBILIARIO	Orzamento	Orzamento
---------------------------	------------------	------------------





SUBMINISTRO LOTE 1.- MOBILIARIO URBANO



ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

Expte. Deputación Provincial: 2017047970
Expte. Concello: 236/2019

URBANO.	licitación	adxudicación
Prezo estimado do contrato	15.763,00	13.871,44
21% IVE	3.310,23	2.913,00
Prezo	19.073,23	16.784,44
Baixa		2.288,79
Prazo de execución do subministro		45
Adxudicataria: ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.		CIF: B94106663

O adxudicatario farase cargo dos gastos do serigrafiado do mobiliario que se subministre, conforme ao modelo establecido pola Excm. Deputación Provincial.

Deberán aportar ao expediente nº **236/2019**:

- a).- Declaración dos medios persoais e materiais que a empresa adscribirá ao presente contrato.
- b).- Certificación da conta bancaria da empresa.

TERCEIRO.- A formalización do contrato, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e nas Cláusulas 20 e 21 do Prego, efectuarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da Resolución de adxudicación, dentro do prazo dos **15 días hábiles** seguintes a aquel en que tivesen recibida a notificación de adxudicación.

De conformidade co establecido no artigo 153.4 LCSP cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.

CUARTO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación **2019.4590.62902** do Orzamento Municipal, polo importe seguinte:

LOTE	Prezo s/IVE	IVE	TOTAL
1	13.871,44	2.913,00	16.784,44

QUINTO.- Dar traslado da presente Resolución aos adxudicatarios e aos demais licitadores e dar cumprimento ao establecido no artigo 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público e polo artigo 8.1. a) da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución a Intervención, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes á presente disposición e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

En Cambados. Asinado electronicamente.



Cod. Validación: M52XD97JK45T3HTCYWPLYGLWD | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3